

**Acta da reunión do Consello de Departamento****ASISTENTES**

Anido Rifón, Luis E.  
Blanco Fernández, Yolanda  
Burguillo Rial, Juan C.  
Caeiro Rodríguez, Manuel  
Costa Montenegro, Enrique  
Díaz Redondo, Rebeca P.  
Fernández Iglesias, Manuel J.  
Fernández Masaguer, Francisco  
Fernández Veiga, Manuel  
Fernández Vilas, Ana  
Gil Castiñeira, Felipe  
Gil Solla, Alberto  
Herrería Alonso, Sergio  
Llamas Nistal, Martín  
López Ardao, José C.  
López Bravo, Cristina  
López García, Cándido A.  
López Nores, Martín  
Mikic Fonte, Fernando Ariel  
Pazos Arias, José Juan  
Rodríguez Hernández, Pedro S.  
Rodríguez Pérez, Miguel  
Rodríguez Rubio, Raúl F.  
Santos Gago, Juan M.  
Sousa Vieira, Estela  
Suárez González, Andrés

Fondo Ferreiro, Pablo  
Liz Domínguez, Martín  
López Escobar, Juan José

**ESCUSAN ASISTENCIA**

Álvarez Sabucedo, Luis M.  
García Duque, Jorge  
F. Javier González Castaño

Acta da sesión ordinaria do Consello de Departamento de Enxeñaría Telemática do 27 de abril de 2022, convocada para as 12:30 horas en primeira convocatoria e para as 13:00 horas en segunda convocatoria na Sala de Xuntas de Campus Remoto da E.E. de Telecomunicación.

O mércores 27 de abril de 2022 ás 13:00 horas deu comezo a reunión ordinaria do Consello de Departamento co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, de actas anteriores.

Apróbase, por asentimento, a acta do día 23 de febreiro de 2022.

2. Informe do Director.

O Director informa sobre os seguintes puntos:

- A comisión permanente aprobou na súa xuntanza do 29 de marzo senllos permisos de máis de 15 días para Martín Liz Domínguez e Manuel Fernández Veiga.
- Ante a comunicación da renuncia ó posto de coordinador das mencións de telemática no GETT e no MET do profesor Miguel Rodríguez Pérez para o vindeiro curso académico, e tendo recibido a petición da dirección da escola de que ámbolos dous postos os ocupe o mesmo profesor, elíxese ó voluntario que cumpre o requisito: o profesor Juan M. Santos Gago.
- O despacho B-007 será ocupado temporalmente, mentres non sexa preciso para algún profesor, por un investigador do GTI.
- Ante a súa avaría, substituíuse a impresora/fotocopiadora da antiga secretaria do departamento.
- Incorpórase Martín González como profesor predoutoral simultaneando a súa docencia co profesor Sergio Herrería Alonso na materia Comunicación de Datos. A profesora Rebeca P. Díaz Redondo puntualiza que en canto cambien a normativa da universidade solicitarase o cambio da súa docencia a unha materia de máster, priorizada no caso concreto do seu tipo de bolsa.

3. Aprobación, se procede, da produción científica e de transferencia.

Apróbase, por asentimento, as derradeiras versións distribuídas polo director das producións científica e de transferencia no 2021 do departamento.

4. Actualización, se procede, dos compoñentes da Comisión Permanente do departamento.

Ademais do equipo directivo como membros natos, apróbase por asentimento a composición da Comisión Permanente cos seguintes membros:

- Enrique Costa Montenegro,
- Rebeca P. Díaz Redondo,
- Ana Fernández Vilas,

- F. Javier González Castaño,
  - Martín Llamas Nistal,
  - Cándido A. López García,
  - José J. Pazos Arias.
5. Debate e aprobación, se procede, de criterios de asignación de POD a profesorado e actuacións en caso de materias ou grupos sen alumnado matriculado.

O director expón que, ante o cambio de situación por mor do exceso de horas a cubrir fóra do cadro de persoal estable do departamento, fíxose unha petición ós coordinadores das materias para considerar se a PDA asignada é a máis acorde de cara a optimizar a calidade da docencia, encozando polas materias dos cursos elevados e seguindo polas de cursos baixos; froito desta petición nalgunhas materiais os seus responsables solicitaron redución da PDA. Ó rematar este axuste procedeu a facer unha simulación de POD por ver se os profesores do cadro estable cubrirían a docencia crítica das materias. Agora, chegado o momento de facer a selección real do POD, propónse unha normativa (Anexo I) para leva-la contabilidade da docencia sobrevivida tanto dos grupos que aparecen como dos que desaparecen. Prodúcense as seguintes intervencións:

- O profesor Felipe Gil Castiñeira pregunta se a contabilidade terá en conta se xa se da docencia de máis ese curso no momento do cómputo dunha redución de grupos. O director así o confirma.
- O profesor Manuel Fernández Veiga propón que se engada como criterio, coherente coa recomendación da universidade, o non sobrepasar as 10 horas de clase á semana. O director considera que é labor de cada profesor a súa organización. O profesor Manuel Fernández Veiga expón que debe a COAP xulga-las situacións onde ocorra; solicita que se vote a súa proposta.
- O profesor Enrique Costa Montenegro expón que, tal como o tratara coa dirección anterior, o feito de que desaparezan grupos non é culpa do profesor. O director concorda, e aclara que o mecanismo de contabilidade aplicarase baixo a voluntariedade dos afectados. Ante a pregunta de quen certifica a desaparición de grupos o anterior director, profesor Alberto Gil Solla, aclara que é ante a desaparición oficial da PDA por axustes ó coñecerse a matrícula real para o segundo cuatrimestre.
- O profesor Andrés Suárez González comenta como neste vindeiro curso a súa docencia concéntrase no segundo cuatrimestre pola excepcionalidade da situación; é máis, coa docencia de xeometría variable a partires de terceiro é fácil non cumprir o criterio de 10 horas á semana cunha soa materia.

Procédese á votación das dúas propostas:

- A proposta de limitar a 10 horas á semana rexéitase por 22 votos en contra, 1 a favor e 6 abstencións.
- A proposta de contabilidade da docencia sobrevivida do Anexo I apróbase por 15 votos a favor, 1 en contra e 11 abstencións.

6. Rogos e preguntas.

O profesor Manuel Fernández Veiga solicita a súa inclusión na comisión de selección do profesorado fóra do cadro estable e que esta sexa paritaria.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:50 do día 27 de abril de 2022, da que eu como Secretario do Departamento dou fe co visto e praxe do Director.

O Director do Departamento

O Secretario do Departamento

Dr. D. Luis E. Anido Rifón

Dr. D. Andrés Suárez González

**Anexo I****Criterio a aplicar no caso de docencia non impartida por un profesor/a**

No caso de grupos finalmente non impartidos por parte dun profesor/a e orixinalmente incluídos no seu POD propónse á consideración do Consello de Departamento:

Que a docencia non impartida sexa incluída na fila corresponde á ‘docencia sobrevinda’ para ser compensada no futuro coa mesma. Non se computarían os grupos das materias que un profesor/a imparte por primeira vez.

A docencia non impartida sería compensada en futuros cursos, coa aceptación expresa da persoa interesada, con:

1. Encargos recibidos de ‘docencia sobrevinda’.
2. Docencia que a persoa interesada imparte a maiores para realizar axustes no seu POD.
3. Compensación á compañeiros que teñen un saldo de ‘docencia sobrevinda’ positivo.